(Re)creación involuntaria, atribución e transmisión de paremias no ámbito rural

ANXO FERNÁNDEZ OCAMPO
Universidade de Vigo

TRADICIÓN E TRANSMISIÓN

No campo do folclore, a crenza nun autor anónimo esvaeceuse dende o achado da figura dun intérprete coa capacidade de elaborar unha variante textual nova sobre o modelo xenérico correspondente. Desa maneira empregan os artificios retóricos aquelas persoas sabedoras dos moldes creadores tradicionais. E os textos de transmisión oral que son os refráns non son excepción a esa regra.

Sabemos que o refrán é sempre unha creación individual. Mais fóra dos casos nos que a paremia se concibe e se propaga intencionadamente, pode ocorrer que o seu autor sexa víctima das circunstancias nas que nace a expresión: a paremia, sempre xenial, xurde logo coma autodefensa fronte á situación adversa.

Sen chergar a establecer unha tipoloxía do autor, sen albiscar sequera o delicado tema das variantes paremiolóxicas, o meu propósito é o de por de relevo a importancia dos mecanismos polos que se transmiten as frases proverbiais. Ditos mecanismos, que corresponden ó que Simonsen chama *institutions de transfert* (Simonsen, 1981: 49-50), constitúenos elementos (actores, contextos e medios expresivos) que inciden na tradicionalidade dos textos. E esa tradicionalidade non deixa de se-lo *central ingredient* (Mieder, 1993: 6) na constitución das paremias.

A MEMORIA CREADORA

O curto percorrido que propoño ilustra a xénese ou a recreación dalgunhas das frases proverbiais máis frecuentes dunha comunidade rural, servíndome dunhas formas recollidas no concello da Pontenova (nordeste da provincia de Lugo). O uso desas formas, limitado primeiro ó círculo de familiares do seu creador, transcendeu axiña para as demais casas do lugar (Mieder, 1993: 13). Cada unha destas expresións amosará un aspecto distinto dos modos da súa creación ou da súa transmisión. A colleita destas paremias fíxose mediante observación directa da fala, de xeito moi similar á proposta de A. Iglesias (Iglesias Ovejero, 1993: 277).

Os informantes deste traballo distinguen entre o *refrán* (dito «moi antigo» que «vén de fóra» e non posúe autor coñecido) e o *díxamo*, cita local que non deu adquirido a condición (non forzosamente negativa) de anónima. Neste último recóllese textualmente e con enorme precisión unha frase dita. A memoria xoga tradicionalmente un papel tan importante que abonda con facer alusión a unha persoa para que de forma espontánea a asistencia recite unha ou dúas frases ditas por ela, xunto coas circunstancias que as envolvían. Esa capacidade retentiva das citacións permítelles ós

habitantes do medio rural dispoñer non só do material textual, senón da maneira de usalo. No caso de posuír certas calidades estéticas, ese material coñécese polo nome de *díxamo*.

Exemplos de xénese popular

Nesta primeira evocación, observámo-la apropiación dun modelo de frase xa existente, así como a diversidade de autores ós que se lles atribúe:

Dúas locucións independentes: <*estar bo + pan. / festa / conto*> e <*se non fora o que foi*> compoñen a nosa primeira expresión metafórica cuadripartita, unha fórmula recorrente que expresa a mágoa sentida por non poder disfrutar da comida. Os elementos léxicos (o pan e o dó) son esencialmente os mesmos cós dunha variante castelá que menciona J. Nikoláeva ó referirse á idea da conversión do malo para o bo: <*los duelos con pan son buenos*> (Nikoláeva, 1994: 41). No noso caso, o movemento invírtese do bo para o malo. A memoria do lugar asocia a súa creación a dúas anécdotas distintas, de feito dous afloramentos do mesmo material textual:

1. <*Está boa a festa, se non fora o que foi*> representa a cita máis antiga. Localízase en Louterio (A Fonsagrada, Lugo). O seu autor é Manuel de Pulido, e José Fernández López o primeiro dos seus transmisores e informante para este traballo. Velaí o sucedido:

No lugar de Louteiro, no ano 1948 ou 1949, morre o pai de Manuel de Pulido. Os veciños da parroquia axudan ós da casa levándolles comida para atenderen o xantar. Encantado por poder comer ben ese día, Manuel de Pulido leva á boca unha bola de torrezos, mentres lle di ó seu compañeiro (José Fernández López) «*está boa a festa, se non fora o que foi*».

Recollo unha variante da expresión de Manuel de Pulido, contaminada polos elementos do contexto, da boca de Ernesto Ocampo Ron en Villaeimil (A Pontenova, Lugo): <*(es)tá boa a bola, se non fora o que foi*>

2. <*(Es)tábache boa, se non fora o que foi*> Distinta orixe e distinta fortuna. Recólloa en Vilarxuane (A Pontenova, Lugo), onde sobrevive independente da primeira forma. Os Informantes son Avelino e Raúl Fernández Fernández. No suceso, acaecido cara o ano 1955, a forma sentencia o malestar pola desaparición dunha empanada.

O seguinte exemplo describe con máis precisión as circunstancias creadoras dun díxamo. Coma no caso anterior, un enunciado metafórico, dito de xeito aparentemente involuntario, convértese en frase proverbial local. Unha proposta idiolectal que obedece a arquetipos xa existentes e que se volve un elemento fixo do discurso.

<*Un home é un home e un Toñín é un Toñín*>. A expresión nace a finais dos anos oitenta, no lugar de Villaeimil (A Pontenova, Lugo). O seu autor foi Alejandro Vázquez Méndez. Os informantes proveñen do seu núcleo familiar máis inmediato: Manuel Vázquez trevín e Rosa Méndez Moirón. A persoa que recolle a forma e que principia a súa transmisión é Antonio Vázquez Méndez (Toñín), daquela un mozo duns vinte anos:

Alejandro, algo bébedo, faise levar á casa polo fillo do seu sobriño, alcumado Toñín. Este fai proba de discreción ó non lle revelar a ninguén o estado no que viña o seu tío avó, e días máis tarde Alejandro agradécelle a actitude, digna dun home de verdade, dicíndolle: <*un home é un home e un Toñín é un Toñín*>, querendo dicir «aínda que moi novo, Toñín é un home feito.» Na aldea de Villaeimil, a forma proverbializase ata expresar con ela a valía e a confianza depositada nunha persoa ou para asegurar que un home de verdade debe ter éxito naquelo que se propoña facer. A forma casa co esquema de <un home é un home e un gato é un bicho> (refrán descoñecido polos nosos informantes).

Pode ocorrer por outro lado que se tente explica-la procedencia do dito atribuíndolle unha orixe sobrenatural. O seguinte exemplo amosa unha transferencia textual do mundo dos mortos para o dos vivos; a fórmula fixa provén do aparello dialéctico das aparicións nocturnas propias da *Santa Compaña* naquel lugar: <*anda de día, que a noite é fría*>.

A nosa informante, Rogelia Ramallal Llenderrozos, de Vilarxubín (A Pontenova, Lugo), conta como no primeiro tercio deste século volvíase José María Trevín de noite coa súa cadela. Sentiu ruído, e de medo embizcou a cadela, e á cadela mandáronlla polo aire, e el oíu unha voz que lle dixo: <*anda de día, que a noite é fría*>.

Neste caso, o conto non describe o intre primordial no que na opinión dos informantes foi dita tal frase, senón que contextualiza e consolida a idea da súa procedencia sobrenatural. Noutras situacións de comunicación en Vilarxubín, emprégase para avisar a alguén dos perigos de andar de noite.

Finalmente hai veces nas que a un refrán, como lle ocorre ó díxamo, acaba asociándoselle unha orixe concreta.

<*Arden os cangos, quéntate a eles*> é unha vella paremia da que a primeira secuencia <arden os cangos> ten tamén función de aturuxo, igual có seu modelo próximo <árde(lle) o eixo>. Os *cangos* son táboas que sosteñen a pedra do lousado das casas, polo que da evocación da súa queima provén a idea de que non está quedando nada do resto da casa.

A paremia ten un contexto e un autor coñecidos de varias familias da parroquia informante. De uso frecuente e correspondente ó coñecido verso de Horacio «Carpe diem», o refrán adoita referirse á situación na que queda pouca comida e hai que aproveitala antes de que se acabe completamente.

O feito sucede polo ano 1910. O informante chámase Marcelino Morado Lombardero. O autor foi Santos de Cadramón, home miserable: «namais compraba dúas libras de pan». Vivía en San Pedro de Bogo (A Pontenova, Lugo) con Filomena, súa muller. Un día tiñan a dúas obreiras para saca-las patacas. Eran Pepa de Clara e Manuela do Vale, as dúas de San Pedro. Déulle-la cea e coceulles castañas. Desde que comeu unhas poucas, parou e dixo: «Vou ben mantido». A muller tamén parou de comer. Pero as dúas obreiras, como era tan miserable el, deron en comerlle tódalas castañas que podían, e finalmente sentenciou Santos: <¡Ai, Filomena, *arden os cangos, quéntate a eles*!>

Consérvanse outras variantes galegas anteriores a 1910: <*arden os cangos, quentémonos êles*> (Saco Y Arce, 1988: 308); ou aínda <*xa que arden os cangos, quentémonos a eles*> (Ferro Ruibal, 1987: 513). A súa filiación ibérica é evidente; como se pode ver na variante en lingua española, sinécdoque fronte á citada anteriormente: <*pues la casa se quema calentémonos todos*> (Strauss, 1994: 422). Os mesmos elementos formais teñen <*cando vexas a túa casa queimar, achégate para te quentar*> e tamén <*xa que a casa se nos queima, quentémonos todos*> (Ferro Ruibal, 1987: 396-397).

CONCLUSIÓN

Malia o convencemento de que o oínte, primeira das *institutions de transfert*, valorando tanto a xenialidade coma as cualidades formais da expresión, xoga un papel principal na decisión de inicia-la proverbialización dunha frase, queda aínda por saber cal é a «propiedade que non se pode expresar» (Mieder, 1994: 18) causante de todo proceso de transmisión.

No senso dos termos de A. Iglesias (Iglesias Ovejero, 1993: 277), coido que a falla de datos sobre os informantes e as condicións de creación constitúe un obstáculo na investigación da transmisión dos refráns. Vimos que as paremias poden nacer da recepción e da posterior transmión, mediante un auditorio claramente selectivo, dunha frase que sentencia unha situación de apuro para

o seu autor. Estes poucos exemplos amosan ademais unha tendencia á contextualización, esencial tanto para a perpetuación como para a manipulación do significado da paremia.

Un estudio da dependencia dos trazos idiolectais ofrecerá sen dúbida unha lectura interesante para o coñecemento da paremioloxía. A análise etnolingüística, xunto co seguimento das locucións proverbiais locais inseridas en espacios humanos delimitados, permiten cerca-las condicións nas que se desenvolven a proverbialización e a transmisión, a idea de polixénese, ou mesmo entende-la relación entre creación local e repertorio universal.

REFERENCIAS BIBLIOGRÂFICAS

FERRO RUIBAL, X. (1987): *Refraneiro Galego Básico*. Vigo: Galaxia.

IGLESIAS OVEJERO, A. (1993): «Reunión de pastores, oveja muerta: un refrán y su glosa en el español rural», *Paremia*, 2: 277-282.

MIEDER, W. (1993): *Proverbs Are Never Out of Season*. New York: Oxford University Press.

----- (1994): «Consideraciones generales acerca de la naturaleza del proverbio», *Paremia*, 3: 17-26.

NIKOLÁEVA, J. (1994): «Concepto de espacio proverbial en español», *Paremia*, 3: 37-44.

SACO Y ARCE, J. A. (1988): *Literatura popular de Galicia*. Servicio de publicacións da Deputación de Ourense, O Porriño.

SIMONSEN, M. (1981): *Le conte populaire français*. Paris: PUF (3ª ed., 1994).

STRAUSS, E. (1994): *Dictionary of European Proverbs*. Vol. 1. London: Routledge.